

MATRÁCALA ACTIVIDADES LÚDICAS Y EDUCATIVAS

# Campamento de Nadal 2022-23

23-26-27-28-29-30 DECEMBRO  
2-3-4-5 XANEIRO

HORARIO: DE 9H A 14H  
POSIBILIDADE DE AULA MADRUGA  
CONSULTAR

GINCANAS-MANUALIDADES-  
XOGOS-COCIÑA- IOGA-  
VISITA PAPÁ NOEL

Inscripcións en:

# CAMPAMENTOS DE NADAL

Hoxe en día, na situación de cambio constante na que nos atopamos, a sociedade debe buscar unha oportunidade en cada actividade que emprende. As condicións sociais e laborais están en permanente transformación, modificando as estruturas e rutinas diarias, polo que os nosos tempos necesitan unha flexibilidade maior e próxima, para poder conciliar a vida familiar.

Ao mesmo tempo cada vez temos unha oferta de lecer máis ampla, dirixida aos nosos mozos e infancia, que é necesario canalizar para poder enfocala cara a unha oferta que proporcione un crecemento educativo integral. Estructurar o tempo de lecer que os nosos nenos e nenas teñen, nun tempo efectivo, de lecer lúdico e educativo, é unha demanda por parte das familias, que cada vez teñen unha esixencia maior, en proporcionar aos seus fillos e fillas maior calidade nos seus momentos de lecer.

É por iso que xorde unha necesidade de conciliar as alternativas de lecer, educativas e culturais dirixidas á sociedade para adaptarse á realidade presente e ás esixencias demandadas.

En Matrácala –Actividades lúdicas e educativas, especializámonos no coidado e atención de nenos e nenas, creando espazos e actividades para que poidan potenciar aspectos socio emocionais, intelectuais e psicomotrices a través do xogo autónomo, sempre baixo o acompañamento de persoal especificamente cualificado para as diferentes opcións que ofrecemos.

Hai determinadas datas, nas que esta conciliación resulta máis dificultosa para as familias, como son os períodos non lectivos. Combinar o descanso necesario para os nenos e nenas, coas xornadas de traballo familiares, non sempre pode ser efectivo, polo que a Administración poderá ofrecer unha alternativa a este problema que se expón en cada período vacacional, axudando así a esta conciliación familiar e promovendo actividades lúdicas educacionais que promovan a autonomía e o crecemento.

O que propoñemos desde Matrácala, é unha alternativa para que se poida cumprir esta conciliación familiar a través dun Campamento de Nadal en 2022-23.

Por unha banda, e sendo a base principal deste proxecto, trátase de que os nenos e nenas poidan acceder a participar nun campamento onde se lles propoñan actividades lúdicas e educativas pensadas e planificadas para que fortalezan actitudes positivas e presenten as oportunidades como espazos de crecemento.



# CAMPAMENTOS DE NADAL

Ao mesmo tempo perséguese ofrecer unha alternativa aos pais/nais para poder proporcionar atención de calidade aos seus fillos durante a súa xornada laboral, así como satisfacer as súas demandas de oferta de oportunidades e experiencias para os seus fillos/as.

< Este campamento é esa oportunidade para aprender e medrar >

Esta iniciativa parte da necesidade de ofrecer unha alternativa de lecer de calidade, que posibilite a conciliación familiar. Actualmente as familias queren investir en calidade nos espazos lúdicos dos seus fillos e fillas. Escollendo Nadal, como unha época vacacional, pensamos que unha oportunidade acertada sería aquela que agrupase a conciliación familiar, cunha oferta lúdica acertada, que ademais xere actitudes de crecemento e oportunidade.

Esta actividade de campamento, persegue dous obxectivos fundamentais:

- ⑩ Facilitar a vida persoal e laboral das familias.
- ⑩ Ofrecer lecer de calidade aos usuarios tendo en conta os seus intereses, gustos e preferencias.

O Nadal, é un espazo a través do cal, pódense xerar unha serie de experiencias e situacións específicas que favorezan relacións e pensamentos positivos, nos que os nenos poidan entender cada xogo como unha oportunidade de crecer. A través do xogo, interiorizan conceptos e adoptan roles naturais, que logo representarán na súa vida. Ver en cada experiencia, unha oportunidade de crecer, de crear, aumentará a autoestima e as perspectivas de mellora dos nenos e nenas.



# CAMPAMENTOS DE NADAL

## Obxetivos

- ⑩ Interactuar socialmente tratando de mellorar e fomentar as relacións sociais, a convivencia, o compañeirismo e as capacidades para traballar en grupo e en equipo.
- ⑩ Promover o respecto ás persoas independentemente da súa raza, condición ou sexo.
- ⑩ Fomentar a corresponsabilidade entre nenos e nenas.
- ⑩ zación e concienciación ambiental xerando patróns de conduta baseados na concepción de desenvolvemento sustentable.
- ⑩ Utilizar o xogo para fortalecer positivamente os conceptos de igualdade, amizade e interculturalidad.
- ⑩ Fomentar a lectura a través de historias, lendas e contos específicos de Nadal.
- ⑩ Desenvolver habilidades comunicativas en distintas linguas.
- ⑩ Desenvolver a creatividade e a libre expresión utilizando como base manifestacións artísticas diferentes.
- ⑩ Estimular as habilidades manuais mediante a realización de obradoiros interculturais.
- ⑩ Promover o gusto pola música e a danza mediante xogos.
- ⑩ Utilizar o deporte como parte do desenvolvemento persoal a través da práctica específica de diferentes deportes.
- ⑩ Fortalecer a capacidade de desenvolverse en distintas situacións independentemente do contexto cultural onde éstas teñan lugar.



# CAMPAMENTOS DE NADAL

## Descrición das actividades no seu conxunto

Todas as actividades están enfocadas desde o punto de vista educativo, facendo principal fincapé nas habilidades artísticas e emocionais de cada participante.

Mediante xogos, lectura, pintura, teatro, música e creación artísticas manuais traballaremos en grupo, traballaremos as nosas habilidades persoais, fomentaremos a expresión tanto no ámbito creativo coma na práctica de diferentes actividades psicomotrices (deportes, xincanas culturais...)

## Estratexias metodolóxicas.

- Traballaremos con grupos reducidos.
- O xogo e o arte son o eixo principal e a motivación esencial que nos axudará a conducir os obxectivos expostos. As actividades variarán dependendo do grupo e idades, utilizando distintas estratexias:
- Dinámicas, xogos e actividades de gran grupo.
- Traballo e xogos en equipos.
- Actividades individuais artísticas (Pintura, Cerámica, Manualidades, Reciclaxe de materiais)
- Lectura e interpretación teatral de contos.
- Xogos de mímica, teatro
- Xogos e demostracións deportivas, xincanas
- Música e baile, xogos de desinhibición
- Charlas e debates.



# CAMPAMENTOS DE NADAL

## Temporalidade

A distribución temporal é a seguinte:

- De 8:00 a 9:00 Aula Matinal: Recepción dos primeiros participantes. Acompañamento, lectura, xogo libre, actividades creativas...
- De 9:00 a 10:00 Deporte: Accións dirixidas ao coñecemento dos compañeiros, xogos dinámicos, musicais, deportivos.
- De 10:00 a 10:30 Descanso, Xantar.
- De 10:30 a 12:00 Tempo de traballo grupal, ioga relax, actividades artísticas, asamblea cooperativa, resolución de conflitos, escoitamos propostas os/as participantes.
- De 12:00 a 12:30 Xogo libre, acompañamos os cativos/as nos seus momentos de charla, xogo libre, etc. (o tempo para funcionar sen estar supervisados e importante a nivel persoal)
- De 12:30 a 13:30 Tempo para o Xogo: xogos tradicionais, xogos colectivo, dinámicas por parellas, actividades psicomotrices
- De 13:30 a 14:00 Recoller e ordear. Relax e Despedida

## Destinatarios

Alumnos de infantil e primaria con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Os nenos distribúense en grupos definidos por idades na medida do posible.

Grupo A: nenos de infantil e 1º de Primaria

Grupo B: nenos de primaria de 2º a 4º

Grupo C: nenos de primaria de 5º e 6º



# CAMPAMENTOS DE NADAL

## Espazos

O centro escolar cas diferentes instalacións a disposición e que nos permita a Anpa ou a Dirección do Centro utilizar.

## Avaliación

O sistema de avaliación das nosas actividades desenvólvese sempre en tres fases:

**Avaliación Inicial:** Abarca a previa análise de aspectos tales como a programación, a repartición de responsabilidades no equipo de monitores, a distribución nos grupos de traballo dos participantes, a localización das actividades dentro dos espazos, a adaptación e os factores de interrelación de cada un dos nenos e nenas confiados a nós para a súa expansión e recreo.

**Avaliación Diaria:** A valoración do bloque de actividades diario, ofreceranos as claves que facilitarán a obtención do mellor resultado nas seguintes tarefas. Servirá de filtro para desestimar e potenciar os distintos enfoques utilizados. Observaremos, en tempo real e con capacidade operativa, as carencias e necesidades individuais, para velar pola súa mellor aclimatación e a consecución do noso primordial obxectivo, a súa diversión.

**Avaliación Final:** Unha avaliación global que analizará a amplitude de toda a nosa actuación neste “Campamento de Nadal 2021” que esperamos sexa un éxito en todas as súas parcelas, coa consecución total positiva de todos os obxectivos transferidos.

## Sistemas de Avaliación.

Reunións abertas do equipo de traballo, (empresa, coordinadores, monitores).  
Observación directa por parte dos monitores titores. Avaliación dos participantes ao final de cada actividade.

Os participantes manifestarán o grao de satisfacción das mesmas cos seus titores. Estes expoñerán os mesmos en reunións co Coordinador xeral de actividades que



# CAMPAMENTOS DE NADAL

estar á súa vez en permanente contacto cos responsables que designe Matrácala a tal fin.

Espazo de reflexión, análise e aprendizaxe entre responsables e monitores que impida que o urxente deixe de lado o importante. Procedemento de rexistro dos acontecementos do programa. Sistema de reporte de tal maneira que poidan tomar decisións acertadas e oportunas sobre o direccionamento do programa. Recompilación de datos das diferentes reunións, observacións e avaliacións realizadas ao longo do campamento, valoración dos mesmos e propostas de mellora.

## Recursos

### Recursos humanos.

O equipo encargado do desenvolvemento do campamento está formado por:

Un responsable de Matrácala encargado da coordinación co persoal.

Un coordinador encargado das necesidades do campamento e responsable do seu funcionamento así como da atención a nais, pais e vínculo con Matrácala.

O número de monitores axeitado as ratios establecidas para os campamentos urbanos. Diplomado en Educación Infantil, Primaria ou equivalente con experiencia no campo do lecer e tempo libre.

Monitores en período de prácticas na medida do posible.

### Recursos materiais.

Material funxible para os para os talleres: rotuladores, pinturas (témperas, pintura de dedos, pinceis de pre-infantil, pinceis, lapis, xices, ceras, folios, folios adhesivo, gomas para pulseiras, plastilina, pasta moldeadora, papeis de manualidades, pegamentos, tesoiras, papel rolo, etc. (Proporcionado por Matrácala)

Elementos e material para o desenvolvemento de xogos por exemplo xogos de mesa, quebracabezas, libros, contos, cds de música, vídeos, pelotas, globos, paracaídas,





# CAMPAMENTOS DE NADAL

conos, petos, hinchadores, dado xigante, material para accións deportivas, equipo de música, etc. (Proporcionado por Matrácala).

Débase dispoñer de certas instalacións por parte do Colexio tales como: baños, sala de usos múltiples, ximnasio ou aulas espazosas, mesas, cadeiras, zonas exteriores onde realizar actividades ao aire libre (campo de fútbol, terrazas, etc.) e botiquín.

## Prototipo de campamento.

A estimación do orzamento realizouse considerando o prezo por neno nun horario de 5 horas.

## Orzamento

### ⑩ Data:

(23, 26, 27, 28, 29, 30 de decembro, 2, 3, 4 e 5 de xaneiro).

### ⑩ PREZO:

- Socios: 85€
- Non socios: (Elección da Anpa)
- 1 semana: 50€
- Non socios: (Elección da Anpa)
- Matinal +23€
- Matinal 1 semana +15€

### ⑩ Mínimo de participantes: 10 a tempo completo. (De 9h a 14h)

Se formamos varios grupos, intentarase separalos por idades.

